

Don Leopoldo Moure García, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que o Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

9. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES DO XXXII CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO CIDADE DE FERROL ANO 2021. (CIVIDAS 2020038872). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Cultura, que textualmente di:

“A xefatura de servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo emitiu con data 28.12.2020 o seguinte informe-proposta:

“Antecedentes.-

1º O Concello de Ferrol, é unha das entidades públicas decanas na organización dun premio internacional de piano, se ben -por diversas razóns- éste non se organizou nos últimos tres exercicios.

2º Dende o punto de vista xurídico os premios teñen o concepto de subvencións, estando recollido de forma expresa esta categoría, tanto na lexislación estatal (Lei 38/2003 e RD 887/2006) como na lexislación autonómica (Lei 9/2007).

3º Pola súa banda, este Concello dotouse da súa propia Ordenanza de subvencións (BOP 21/10/2019).

Cualificación xurídica.-

Como queda indicado, os premios teñen o carácter de subvencións, quedando excluídos únicamente desta categoría aqueles premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario (art. 4.a da Lei 38/2003) suposto este que non concorre nos premios do Concurso Internacional de Piano.

A citada lei recolle unha referencia expresa aos premios, no seu carácter de subvención, na súa disposición adicional décima, a cal establece:

“Reglamentariamente establecerase o réxime especial aplicable ao outorgamento dos premios..... que deberá axustarse ao contido deste lei, salvo naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable.”

En todo caso hai que engadir, que o Regulamento que desenvolve a citada lei, non recolleu dito réxime especial, o que obriga a unha aplicación interpretativa da citada disposición adicional décima.

Por outra banda, a disposición adicional décimo cuarta indica que, nas Entidades Locais os procedementos regulados na lei de Subvencións adaptaranse, a través dun regulamento, ás condicións de organización e funcionamento das mesmas.

Dito desenvolvemento regulamentario tampouco se levou a cabo.

En todo caso, o artigo 17.2 da Lei 38/2003, esixe que:

“Las bases reguladoras de las subvenciones de las corporaciones locales se deberán aprobar en el marco de las bases de ejecución del presupuesto, a través de una ordenanza general de subvenciones o mediante una ordenanza específica para las distintas modalidades de subvenciones.”

A dita norma determina o contido que deberán reflectir as citadas bases, en todo caso, é necesario analizar –nos termos da disposición adicional antes citada- que aspectos dos desenvolvidos no artigo 17 da Lei 38/2003 non son aplicables ao ámbito dos premios. Neste sentido, as condicións de solvencia (artigo 17.c); a determinación dos libros e rexistros contables (artigo 17.h); o prazo e forma da xustificación (artigo 17.i); as garantías e a súa cancelación (artigo 17.j); pagos anticipados (artigo 17.k) carecen de encaixe algún no desenvolvemento duns premios desta natureza. Tampouco pode resultar aplicable a composición do xurado determinado pola ordenanza xeral deste concello toda vez que este xurado adocería dos coñecementos e práctica imprescindible para a emisión de xuízos de valor sobre as interpretacións dos concursantes.

Excluindo dos contidos antes referidos, as bases que se achegan atenden as exixencias do citado precepto.

Neste senso, propónse a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a realización do XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2021.

Segundo.- Aprobar as Bases e os seus anexos que rexerán a participación no XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2021.”

Remitido o expediente a Intervención, incorporase ao expediente o informe correspondente. Neste sentido engádese como anexo as bases en castelán.

Pola súa parte incorporase o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura realizada o 15.01.2021, incorporándose a esta proposta a modificación solicitada pola dita Comisión.

Atendendo a todo o sinalado, esta Concellería propón:

Primeiro.- Aprobar a realización do XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2021.

Segundo.- Aprobar as Bases e os seus anexos que rexerán a participación no XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2021.

“BASES QUE REXERÁN O XXXII CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO CIDADE DE FERROL ANO 2021

Primeira.-Obxecto e contido

A concellería de Cultura do Concello de Ferrol organiza o XXXII Concurso Internacional de Piano, do 31 de abril ao 8 de marzo del 2021.

O premio desenvolverase nas súas fases preliminares no Teatro Jofre. A final terá lugar no Auditorio de Ferrol, atendendo ao seguinte calendario:

- Dende a data de publicación da convocatoria ata o 5 de marzo de 2021: período de inscrición
- Do 6 ao 15 de marzo: primeira fase de preselección e deliberación do xurado de preselección
- Do 15 ao 18 de marzo: comunicación da lista de seleccionados
- Venres 30 de abril do 2021 ás 20.30h: cerimonia de inauguración e concerto de apertura do concurso
- Sábado 1 de maio do 2021 ás 9.00h :recepción dos participantes e sorteo
- 1,2 e 3 de maio: primeira ronda
- 4,5 de maio: segunda ronda
- 6 de maio: semifinal
- 7 de maio: ensaio dos finalistas coa orquestra/día de descanso
- 8 de maio ás 20.00h : final, deliberación do xurado e entrega de premios

O concurso constará de 5 diferentes rondas: fase de preselección (enlace de vídeo), primeira ronda, segunda ronda, semifinal e final con orquestra. Gravarase e retransmitirase en streaming tódalas probas do Concurso, correspondendo a este Concello os dereitos de gravación, difusión ou emisión das mesmas, tanto en formato de audio como de vídeo.

O piano oficial do concurso será un piano de gran calidade.

Segunda.- Órgano competente para a ordenación e instrución

O impulso, ordenación, instrución e resolución das cuestións que deriven das presentes bases, corresponderá ao concelleiro delegado da área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas. En todo caso, aplicarase de xeito supletorio o establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

Corresponderá ao dito órgano, previo os informes que considere necesarios, resolver ou determinar todas aquelas situacións non contempladas nestas bases. Do mesmo xeito, poderá adaptalas a calquera situación de forza maior que puidera xurdir.

Terceira.- Inscrición

Poderá participar no concurso os pianistas de calquera nacionalidade, sen límite de idade.

A inscrición realizarase segundo modelo que se incorpora como anexo, e dispoñible na páxina web do Concurso. En todo caso a dita inscrición é de balde, tanto para a fase de preselección como de selección.

Non se aceptarán candidatos que obtivesen o primeiro premio en edicións anteriores.

Tampouco poderá presentarse ao concurso ningún alumno regular do xurado principal (oficial ou privado) que tivera clases co mesmo durante os dous últimos anos, nin tampouco as persoas que estean unidas por vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable nin que estean en supostos de parentesco dentro do cuarto grado de consanguinidade ou segundo de afinidade cos membros do dito xurado.

O prazo de inscrición finaliza o día 5 marzo de 2021 ás 23.59 PM. Se se considerase necesario ampliar este prazo, procederase a notificalo mediante as publicacións preceptivas.

Coa inscrición, os interesados deberán achegar o seu currículo vitae en calquera dos seguintes idiomas: galego, castelán ou inglés (en formato PDF), o seu DNI ou pasaporte, unha fotografía a cor, así como unha gravación de vídeo de piano dun máximo de 15 minutos (piano solo), a través dun único enlace de vídeo de Youtube (da mellor calidade posible). Estas gravacións deberán ter unha antigüidade máxima de 2 anos. O programa da dita gravación será de libre elección.

Os concursantes menores de idade deberán enviar unha autorización asinada e escaneada do pai, nai ou titor, asumindo calquera responsabilidade que se derivase da súa participación no mesmo.

A solicitude de inscrición remitirase ao correo (info@ferrolpianocompetition.com)

Unha vez inscrito, o concursante recibirá un correo automático de confirmación.

A inscrición supón a total aceptación das bases do concurso.

Cuarta.- Prevalencia na tradución das bases

En caso de erro de tradución nas bases, tomarase como oficial o regulamento escrito en lingua galega.

Quinta.- Aulas de estudo

Porase a disposición dos participantes varias aulas para o estudo dende o día 1 de maio, sen prexuízo de abrir a colaboración aos cidadáns de Ferrol que estean dispostos a ceder os seus propios pianos para este fin.

Sexta.- Programa

Estruturase nas seguintes fases e contidos:

- Ronda de preselección: Unha gravación en vídeo dunha ou varias obras de libre elección, dunha duración máxima de 15 minutos.
- Primeira ronda: actuación dunha duración dun máximo de 15 minutos, composto por unha ou varias obras de libre elección.
- Segunda ronda: (máximo 32 participantes): actuación dunha duración máxima de 25 minutos, composto por unha ou varias obras de libre elección.
- Semifinal: (máximo 12 participantes): actuación dunha duración de arredor de 40 minutos, composto por unha ou varias obras de libre elección.
- Final: (3 participantes) interpretación dun concerto para piano e orquestra, de libre elección dos participantes.

Para a fase final a organización aceptará calquera concerto para piano e orquestra do repertorio universal, excepto se algún destes, debido a razóns loxísticas, non puidera ser interpretado pola orquestra, en cuxo caso informarse ao participante ao inscribirse.

Unha vez enviado o programa, non se poderán facer modificacións do mesmo, excepto se houberse algún erro. Non estará permitida a interpretación da mesma obra durante as diferentes fases do concurso (exceptuando as da preselección), e estará permitida a interpretación de movementos soltos.

Dado que o concurso será retransmitido en streaming para todo o mundo, tras cada ronda haberá unha votación pública na páxina oficial de Facebook do concurso. O gañador da dita votación pasará á seguinte, excepto se xa fose seleccionado polo xurado, en cuxo caso pasarase ao seguinte na lista. Isto non se aplicará á semifinal.

O xurado excepcionalmente poderá ampliar o número de participantes que pasen a cada unha das rondas, excepto á final.

Sétima.- Preselección

Entre os participantes inscritos haberá unha preselección. O xurado das probas de preselección estará formado por un máximo de 7 profesionais de recoñecido prestixio dándose a coñecer os seus nomes na web do concurso. No caso de que algún deles non puidera exercer finalmente as súas funcións, a organización poderá substituílo por outro membro de recoñecido prestixio.

Do 15 ao 18 de marzo informarase aos participantes seleccionados a través do correo electrónico. No caso de que algún dos seleccionados non participe finalmente, pasarase ao seguinte na lista de reservas.

Oitava.- Participantes preseleccionados

Os concursantes deberán de estar presentes no sorteo público o día 1 de maio ás 9.00h no Teatro Jofre, levando consigo o seu DNI ou pasaporte. Se por algunha causa algún participante non puidera estar presente no sorteo, deberá xustificalo, adoptando o concelleiro delegado de Cultura a decisión ao respecto.

A orde de actuación dos concursantes manterase nas posteriores rondas do concurso.

Novena.- Xurado principal

O xurado principal estará formado por un mínimo de 7 membros de recoñecida traxectoria. No caso de que algún dos membros do xurado finalmente non puidera estar presente, a organización podería substituílo por outro membro de recoñecido prestixio.

Décima.-Criterios de outorgamento

Os xurados valorarán aos concursantes segundo criterios en canto a calidade artística, interpretativa, técnica e musical, entre outros factores.

Algún dos premios poderá ser compartido. En todo caso o xurado non está obrigado a conceder tódolos premios, sendo as súas decisións inapelables.

Os premios estarán suxeitos ás correspondentes retencións de acordo coa lei española.

Décimo primeira.- Supostos de abstención e recusación

Sen prexuízo da prohibición de concursar reflectida no parágrafo cuarto da cláusula terceira, os membros do xurado, tanto de preselección como principal, están suxeitos aos supostos xerais de abstención e recusación recollidos na lexislación vixente (lei 40/2015) respecto aos participantes no concurso.

Así, ningún membro do xurado de preselección, poderá votar polos seus propios alumnos, persoas ás que estean unidos por vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable, parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo

ou amizade íntima ou enemidade manifesta, nin en relación aos participantes que teñan a condición de fillos dos seus amigos íntimos.

As masterclasses esporádicas non outorgan o carácter de alumno, aos efectos do parágrafo anterior.

Durante o concurso estará totalmente prohibido que os concursantes manteñan contacto ou falen con calquera dos membros do xurado.

Décimo segunda.- Exclusión

As faltas de respecto graves a calquera membro da organización, así como incumprir algunha das regras destas bases, serán motivo de exclusión.

Décimo terceira.- Cancelación ou modificación das datas do concurso

Se por causas alleas á vontade do Concello de Ferrol, o concurso tivera que cancelarse ou adiarse, non se responderá dos gastos nos que calquera concursante incorrera previamente para a súa asistencia ao concurso.

Décimo cuarta.- Premios e accésit

Nos termos da base décima o xurado poderá outorgar os seguintes premios:

Primeiro premio: 15.000 euros e diploma/ Concertos coa Orquestra Sinfónica de Galicia /Concerto en Ferrol.

Segundo premio: 10.000 euros e diploma

Terceiro premio: 5.000 euros e diploma

Premio “Alicia de Larrocha” ao mellor intérprete de música española: 1.000 euros e diploma

Premio “Pepito Arriola” ao mellor pianista español: 500 euros e diploma

Premio “Gregorio Baudot” ao mellor intérprete dunha obra dun compositor galego, de entre a listaxe de compositores galegos: 500 euros e diploma.

Premio do público “Concepción Arenal” : Diploma

Premio do público “Ferrol para el mundo” (en streaming): Diploma

Un máximo de 5 mencións de honor, aos participantes destacados que o xurado considere: 200 euros e diploma.

Accésit:

- Participantes que pasen á semifinal:

A organización premiará con 100 euros a cada un dos semifinalistas, excepto se algún deles obtivera algún premio o Mención de honor.

- Participantes que non pasen á semifinal

De entre os participantes que non pasen a primeira nin a segunda ronda, o xurado decidirá a un máximo de 10 pianistas que considere, para participar no Festival Internacional de Ferrol, que se celebrará en paralelo ao concurso, polo que percibirán un accésit de 100 euros, e un

diploma acreditativo. O resto de participantes que estiveran interesados en participar no dito festival, sempre que a organización estea de acordo, recibirán un diploma acreditativo.

O xurado poderá acordar a concesión dun premio ex aequo, e no dito caso o importe do mesmo dividiríase entre os participantes premiados. O primeiro premio non poderá concederse ex aequo.

Décimo quinta.- Compatibilidade dos premios

Os presentes premios son compatibles con calquera outro premio que puideran recibir as persoas premiadas en concursos distintos a este.

Décimo sexta.- Obrigas dos concursantes galardoados

Tódolos galardoados teñen a obriga de recoller os seus premios persoalmente na cerimonia de clausura e entrega de premios. Tamén deben de permanecer para as fotos oficiais que a organización dispoña, así como estar presentes nas entrevistas e fotos da prensa, antes e despois da final. Se non fose así, e salvo causa xustificada, seralle revocado o dito premio.

Décimo sétima.- Protección de datos

Os datos de carácter persoal (incluídas fotografías, documentos de identidade e imaxe) que os concursantes envíen, quedarán incorporados a un ficheiro propiedade da organización, sendo empregados unicamente con fins propios da actividade da mesma. Conforme á LOPD, poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, a través do Rexistro Xeral do Concello de Ferrol.

Décimo oitava.- Réxime xurídico

Atendendo á natureza xurídica, en todo o non previsto nas presentes bases será de aplicación a normativa estatal e autonómica en materia de subvencións, (Lei 38/2003 e RD 887/2006 e Lei 9/2007) así como a Ordenanza de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP 21.10.2019).

Décimo novena.- Publicacións

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O inicio do prazo de inscrición vira determinado pola publicación do estrato do correspondente decreto de convocatoria - coa certificación da existencia de crédito- no dito BOP, e previa a súa publicación íntegra na Base Nacional de Subvenciones.

Sen perxuízo da publicación dos interpretes premiados na Base Nacional de Subvenciones, publicaranse na web do Concello tanto os interpretes preseleccionados, como os resultados das sucesivas rondas, así como o resultado dos gañadores dos distintos premios”.

O grupo municipal Socialista aprobou introducir unha emenda do grupo municipal Popular e engadir un apartado segundo na Base décimo terceira. Cancelación ou modificación das datas do concurso, que di o seguinte:

“Se por causa da pandemia sanitaria e para garantir tanto a seguridade na saúde como a presencialidade esencial neste concurso este tivera que adiarse o Concello reservará os créditos orzamentarios que soporten o concurso para o momento oportuno da súa celebración”.

A continuación, previa deliberación, se procedeu á votación dunha emenda do grupo Popular referente á cláusula novena que foi aprobada por doce votos a favor dos sres/as membros do grupo municipal Popular, dez votos e contra correspondentes ós sres/as membros do grupo municipal Socialista e Bloque Nacionalista Galego e tres abstencións correspondentes ós sres/as membros de Ferrol en Común acordou aprobar a emenda do grupo municipal do Partido Popular á base novena, e que queda redactada como segue:

"Base novena. Xurado principal. O Xurado principal estará formado por cinco membros todos eles músicos de recoñecido prestixio. No caso de que algún dos membros do Xurado finalmente non poida estar presente, a organización podería substituílo por outro membro de recoñecido prestixio",

A continuación, previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as. asistentes, acordou aprobar a proposta transcrita sobre o resto do texto non modificado.

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr
ALCALDE